

El simple paseo por el barrio, la visita al arsenal, o circular por la estrecha carretera que pasando por la Graña y el castillo de San Felipe acaba, ya en la boca de la ría, en la batería de Viñas, y quizás la vuelta por Doniños, puede darnos una idea del enorme patrimonio cultural, paisajístico y natural que nuestra ciudad tiene.

No quiero finalizar mi intervención sin antes felicitar a los como yo, nuevos académicos correspondientes, los Ilmos. Srs. D. Manuel Ángel Vivero y D. Alfredo Erias, así como, a través de su Corporación al Ayuntamiento de Ferrol por la concesión del título de Académico de Honor.

Muchas gracias.

## **Discurso de ingreso**

### **ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ**


Ilustrísimo Señor Alcalde de Ferrol, Excelentísimo e Reverendísimo Señor Bispo de Mondoñedo, Excelentísimo e Reverendísimo Señor Arcebispo de Santiago de Compostela, Ilustrísimos académicos, autoridades, señoras e señores:

Antes de nada, quero agradecer a agarimosa presentación da miña admirada profesora a Ilma. Sra. Dona Pilar de Torres Luna, a quen coñecín nos xa lonxanos tempos da universidade compostelá, onde fixo unha extraordinaria labor, e con quen mantiven un longo contacto despois.

De xeito moi especial, o meu agradecemento tamén ó Excelentísimo Señor Doutor Don Segundo Leonardo Pérez López, presidente da Academia Auriense Mindoniense de San Rosendo, a quen lle profeso unha vella amizade e unha fonda admiración como autor de numerosos libros e traballos de investigación e tamén como director de institucións e revistas clave da nosa cultura. Ten ademais unha gran capacidade de traballo e un sorprendente don de ubicuidade que estou seguro a todos nos asombra.

O meu agarimoso agradecemento pois a el e, con el, ó secretario da Academia, o Moi Ilustre Señor D. Miguel Angel González García, con quen compartín aula e amizade en Compostela e a todos e a cada un dos académicos por terme aceptado como un dos membros desta Academia Auriense Mindoniense de San Rosendo.

Eu veño de Betanzos, aínda que son nado dunha parroquia chamada Presedo no concello de Abegondo, en pleno camiño inglés que é o camiño que, polo tanto, me une a Ferrol por un extremo e a Compostela polo outro. Betanzos, como é sabido, foi capital de provincia desde finais do s. XV ata 1833 e Ferrol era unha das xoias dese amplo e rico territorio. Daquela coma hoxe caracterizábase pola súa



capacidade de traballo nos seus estaleiros. Os mellores barcos de España que por séculos tivo a maior e mellor armada e mariña mercante do mundo saíron de aquí e esa tradición e capital humano aínda permanecen hoxe. Permítanme que me una ó sentimento xeral porque Ferrol non deixe nunca de ser o estandarte da construción naval en Galicia, en España e no mundo.

Por outra parte, Ferrol é unha fermosa cidade á beira dunha ría inigualable, que, milagrosamente chegou ata nós en condicións de poder conservarse e de poñerse en valor como se merece. Únome agora ó sentimento de todos porque dunha vez se faga xustiza e o Ferrol da Ilustración sexa declarado Patrimonio da Humanidade.

Saiba Sr. Alcalde que Betanzos ten un permanente agarimo por Ferrol e, no Anuario Brigantino, esta cidade e a súa bisbarra é protagonista de numerosos traballos de investigación. Por outra parte, o ano que vén, o 5 de maio, terá lugar o centenario da inauguración do ferrocarril Betanzos-Ferrol que foi o anxeio de moita xente e de moitos dos nosos políticos desde mediados do s. XIX e que hoxe aínda é non soamente un medio estupendo de comunicación, e barato, senón tamén un símbolo de unión das dúas poboacións e da xente das súas bisbarras.

\*\*\*

Galicia, que era un territorio moito máis amplo no mundo antigo, no Gran Noroeste da Península Ibérica, caracterízase por ser un paraíso natural desde o momento mesmo do final das glaciacións. Cando os xeos foxen cara o norte, a nosa terra, os montes desgastados, as fondas rías e o clima temperado polo océano, fan que a vida sexa doce, a vexetación exuberante, a fauna abundosa e que a xente se multiplique. E coa multiplicación veu a presión sobre a terra e con iso unha das nosas características máis salientables: a de ser un pobo en case permanente emigración coa conseguinte morriña polo paraíso perdido.

É moi probable que desde o 8000 aC aproximadamente os nosos antepasados estiveran emigrando en moitas direccións: cara o resto da Península e especialmente cara o norte, ocupando parte das terras atlánticas. Os vellos mitos irlandeses ou bretóns reivindicánnos como os seus ancestros e as novas técnicas xenéticas dannos luces nesta dirección. Ben sabemos tamén que foron os galegos os protagonistas de boa parte das repoboacións medievais da Península ou os que secularmente ían a Castela a segar o cereal. E coñecemos máis de cerca a importancia da nosa presenza en América e no resto da Europa moderna e contemporánea.

Somos xente da terra e do mar, con moita capacidade de traballo, maltratados por pobos que, sen coñecernos ben, utilizaron o noso nome en ton despectivo. Xa na época dos romanos dicir «galego» era equivalente a dicir escravo, porque eramos nós os que faciamos os peores traballos, especialmente nas minas auríferas. Non estraña, por tanto, que na literatura española do século de ouro e posterior esa liña

de maltrato se documente amplamente, chegando ó mesmo *Diccionario De la Real Academia Española*.

Pero os galegos temos unha cultura de moi fonda raizame, que se adapta cando fai falta, pero que ó mesmo tempo resiste e permanece, aflorando viva cada vez que nos xuntamos, especialmente arredor dunha celebración festiva e/ou relixiosa.


Sentimos unha atracción telúrica, un amor e un respecto moi especial pola nosa terra; aínda facemos romarías no cumio dalgúns montes e permanece vivo o culto ás augas das fontes, ligadas moitas delas, como Fonte do Santo, ás nosas romarías e a moitas festividades do arco atlántico.

Se algo caracterizou o pensamento e o sentimento mítico non soamente da Prehistoria senón tamén de boa parte da Historia, foi a crenza de moitos pobos do continente euro-asiático en que a terra se acababa ó chegar ó gran Río Océano, como dicían os gregos, é dicir ó Atlántico. Iso fixo que Galicia, desde tempos inmemoriais, se considerase o fin do mundo, o *Finisterrae*, con toda unha serie de contidos relixiosos asociados. Nas nosas costas e praias, consideradas como areas do paraíso, víase con horror afundirse o sol no océano, morrer, enchendo o mundo de sombras e de frío. Todos os días a xente rememoraba nese momento, no máis fondo do seu ser, a longa travesía que tivo que facer a humanidade nas covas durante as glaciacións para sobrevivir.

A noite e o frío son a morte e aínda hoxe a mortalidade sube moito nos meses de inverno. Pero sucedía que ó día seguinte, despois dun traxecto misterioso, o sol volvía a nacer, resucitaba, e nese fenómeno cíclico, tanto diariamente como anualmente, no paso das estacións e especialmente, no paso do inverno á primavera, aséntase a atracción milenaria de Galicia, unha atracción mística que con diversos aspectos e matices xustificou un camiño de peregrinación por mar e por terra que os gregos chamaron, primeiro, de Briareo e, despois, camiño Heracleo. En paralelo, o estreito de Xibraltar chamouse Columnas de Briareo, ó principio, e de Hércules, despois. Aínda semella que quedan restos de estes camiños nalgúns santuarios costeiros como o de San Andrés de Teixido, non moi lonxe de aquí.

Porque hai que dicir tamén que Galicia non soamente produciu xente para a emigración, senón que atraeu a diversos pobos, sobre todo mediterráneos, que procuraban algo esencial e estratéxico que aquí había: o ouro e, sobre todo, o estaño, que posibilitaba o bronce.

É así como entendemos que os gregos nas súas longas singraduras marítimas, exploratorias, que mitificaron na súa literatura máis antiga, levaron de aquí eses metais, pero tamén elementos da nosa cultura, entre os que está a figura dese Briareo, que eles representan como un xigante que se senta á dereita de Zeus, a quen axuda nas súas loitas. Porque sabemos que Briareo ou Berobreo tiña un santuario no Facho de Donón fronte ás illas Cíes, onde apareceron centos de aras en forma de estelas



funerarias a el dedicadas en procura da saúde. Pero hai máis elementos no mundo grego que nos achegan ó Atlántico, como o pozo infernal do Tártaro, as Illas dos Benaventurados e mesmo o Río do Esquecemento, que chegou a facer tremer ás lexións romanas cando entraban en Galicia. Quere iso dicir que a cultura grega, base da romana e, polo tanto, da europea en boa medida, ten elementos consubstanciais que se formaron en contacto con este Gran Noroeste que chamaban *Gallaecia* e hoxe, máis reducido, Galicia.

E en canto ó camiño heracleo, un camiño anual e celeste que sigue o das estrelas nas que se figura a loita do heroe nos seus doce traballos (as doce constelacións), é ben sabido que remataban os últimos aquí, loitando co deus tricéfalo celta Xerión, e quedando como unha testemuña dese pasado mítico a Torre de Hércules, patrimonio da humanidade, que representa o irmanamento cultural entre o Mediterráneo e o Atlántico.

Non sei cando deixou de ter vixencia este camiño, pero, casualidade ou non, o certo é que cando xurde o Camiño de Santiago no s. IX, xentes de toda Europa veñen cada vez máis a Compostela na procura do sepulcro do Apóstolo, seguindo outra vez a Vía Láctea, o eterno Camiño de Occidente cara as terras do *Finisterrae* clásico, cara a Galicia.

E hoxe, despois de tantos séculos, do riquísimo patrimonio que nos deixou este Camiño Xacobeo (pensemos no románico, no gótico, no nacemento das cidades, das universidades, etc.) atopámonos en pleno proceso de integración europea e resulta que Galicia, a pesar da súa posición xeográfica, é central na idea de Europa. E isto é así precisamente pola marabilla que supón a historia do Camiño de Santiago que, ademais, está máis vivo ca nunca e non soamente para os europeos, senón tamén para a xente de todo o mundo, nun planeta cada vez máis globalizado.

Por iso, é unha obriga de todos, especialmente dos galegos, defender e coidar ese camiño, mimalo, porque representa as veas culturais de Europa, que nos dan tamén vida e sentido a nós mesmos. Representa, tamén, a superación das vellas fronteiras físicas e mentais que levamos impresas nese chamado cerebro reptiliano, que estando aí para defendernos, rexindo, entre outras cousas, a territorialidade, é tamén unha ameaza, especialmente hoxe, que, coa tecnoloxía, podemos non só destruírnos, senón tamén acabar coa vida toda do planeta.

Creo que os membros da Academia Auriense Mindoniense de San Rosendo, dalgunha maneira podemos vernos tamén como peregrinos: peregrinos a Compostela, sempre, e, por iso mesmo, peregrinos na procura da luz, da xustiza e da verdade. Esa xustiza e verdade que é un anxeio eterno dos seres humanos.

Espero que os nosos traballos de investigación iluminen un pouco o camiño e que axuden a que a xente de Galicia e máis aló, pero especialmente os galegos, sexamos conscientes do inmenso valor patrimonial que atesoura a nosa terra onde cada parroquia ten un poboado protohistórico e, doadamente, pode ter tamén

petroglifos, mámoas, e non digamos cruceiros, igrexas, mosteiros, pazos, etc. Os espectaculares descubrimentos do veciño Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos, neste senso, non son máis que uns exemplos do que se pode conseguir traballando na boa dirección.

Sempre pensei que se fomos capaces, poñamos por caso, de establecer un plan de excavación, rehabilitación e posta en valor dun gran xacemento arqueolóxico por cada comarca de Galicia, fariamos un aporte de interés mundial e ademais axudariamos á nosa economía e, por unha vez, moitos galegos verían que o patrimonio non é o seu inimigo, como ás veces parece, senón fonte de vida e de futuro. Para iso é necesario que os que nos representan aprendan de veciños nosos a ver a cultura non como gasto, senón como inversión, nun sentido amplo.

Confío en que todos, cada un na súa condición, camiñando xuntos polo Camiño das Estrelas, logremos irmanarnos nesta e noutras metas que fagan unha Galicia, unha España, unha Europa e un planeta máis humanos, máis luminosos.

Moi agradecido.





*Peregrinos da frente do sepulcro do bispo Don Martín Rodríguez  
(falecido em 1242), da catedral de León. Debuxo: Alfredo Erias®.*